

**A FESTA DAS CABAZAS**

**A FESTA DOS CALACIÚS**




**SAMAÍN, 2020**

**MATERIAIS**

**INFANTIL E PRIMARIA**

**EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, FEÁNS (A CORUÑA)  
CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA  
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA  
CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA (A CORUÑA)  
CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO, A LARACHA (A CORUÑA)  
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, A CORUÑA**



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# ÍNDICE

## LECTURAS

---

O NOSO SAMAÍN .....	3
QUE SABES DO SAMAÍN? .....	6
BOAS NOITES, VÍCTOR .....	8
QUE LEMBRAS DA LECTURA? .....	11
CAMIÑO AO SAMAÍN .....	13
QUE LEMBRAS DA LECTURA? .....	16
UN OLLO DE VIDRO .....	18
O ENCRUCILLADO .....	20

## MANUALIDADES

---

A PANTASMA .....	22
A CARAUTA DA BRUXA .....	23
A CARAUTA DA CAVEIRA .....	24
QUEN VAI POLO AIRE? .....	25
CANTAS COUSAS HAI? .....	26
O MORCEGO .....	27
UN NÚMERO, UNHA COR .....	28
A SOPA DE LETRAS .....	29
O VAMPIRO .....	30
O MONSTRO PELADO .....	31
QUE SUSTO! .....	32
UNHA CAIXIÑA PARA O SAMAÍN .....	33
MONTAMOS UNHA CABAZA? .....	34
QUE CERELLADA DE CABAZA! .....	35
UN MORCEGO PUNTO A PUNTO .....	36
VAIA CARA! .....	37
TES BO OLLO? .....	38
A GRILANDA DAS ARAÑAS .....	39
A GRILANDA DAS CABAZAS .....	40
A CASA ENMEIGADA .....	41





# O NOSO SAMAIN

**LORETA BIROTT BERMEJO e  
NURIA VALDEÓN BALSAS**

**Ed. Galaxia**



O noso Samaín provén dos nosos antepasados celtas. Os pobos celtas dominaron a maior parte do oeste e o centro de Europa durante o primeiro milenio antes de Cristo.



Eran uns pobos moi afoutos e guerreiros que, coa chegada desta noite máxica, celebraban unha gran festa para conmemorar o final da colleita e do verán, e dar a benvida ao Novo Ano Celta.





Era tempo de gardar provisións para o inverno. Os días ían ser máis curtos e as noites máis longas.



E, precisamente esta noite, os celtas pensaban que as portas do Alén se abrían, e que as almas dos mortos volvían para visitaren as súas familias.



Tiñan o costume de facer farois con nabos e carbón quente para guiar os espíritos bos de volta á casa e espantar os malos, xa que estes farois lles outorgaban un certo poder de protección.





Tamén lles deixaban víveres e doces fóra da casa para que comesen algo despois da longa viaxe.



Esta noite non era recomendable abrir a porta a ninguén, xa que trasnos e fadas vagaban a doután polos bosques e as aldeas.



# QUE SABES DO SAMAÍN?



1. De que antepasados nosos provén o Samaín?

---

2. Que características tiñan os celtas? Pinta.



3. A quen se lle daba a benvinda na noite do Samaín?

---

4. A quen visitaban as almas dos mortos na noite do Samaín?

---

5. Con que facían os celtas os farois?


---


6. Que lles deixaban os celtas fóra da casa aos espíritos?

---



7. Colorea o camiño que ten que seguir a nena para coller a caba-za tallada de Samaín?





# BOAS NOITES, VÍCTOR

LLUÍS FERRER e MARTA BALAGUER

Ed. Combel

O Víctor vaise deitar.  
A mamá dálle un bico; o papá, outro.  
A irmá máis vella, Ana, dálle un  
beixazo ruidoso e Pepe, o irmán do  
medio, outro. O señor Can dálle  
unha lambetada na meixela e a se-  
ñora Gata na outra. Boas noites!



O Víctor cerra os ollos.  
De súpeto, unha cara cun nariz moi  
longo sae de debaixo da cama.  
-Ola! cóntasme un conto que me  
faga rir?  
O Víctor sae disparado do cuarto

-Mamá! Mamá! Hai un trasgo cun  
nariz moi longo debaixo da miña  
cama!

-Un que...? Un trasgo? Ai, que  
medo! -bromea a nai.

-É certo -responde o Víctor ofendi-  
do.

-Está ben... Anda, logo, que imos ver...






A nai mira debaixo da cama.  
Ren de ren!  
«Claro, de seguro que se asustou  
ao me ver tan grande e escapou.  
Que mágoa!», pensa o Víctor.  
Acurrúchase na cama e cerra os  
ollos.




De pronto, dúas caras pequenas  
con orellas moi longas saen do  
bote dos lapis.  
-Ola! cóntanos un conto que nos  
faga chorar?  
O Víctor sae disparado do cuarto.

-Papá! Papá! Hai dúas fadas cunhas orellas longuísimas no bote dos lapis!  
-Anda, Víctor, iso non pode ser -dille o pai.  
-É tal, que as vin eu! -responde o Víctor moi ofendido.  
-Está ben... Anda, logo, que imos ver...





O papá emborca o bote dos lapis, mira por dentro. Ren de ren!  
«Claro, de seguro que se asustaron co meu berro e escaparon. Que mágoa!», pensa o Víctor.  
Acurrúchase na cama e cerra os ollos.




De repente, tres caras enormes cos ollos negros, moi negros, saen de debaixo da mesa.

-Ola! Cóntanos un conto que nos faga tremer de medo?

O Víctor sae disparado do cuarto.

# QUE LEMBRAS DA LECTURA?



1. Como se chama o protagonista do conto?

---

2. Cal é o nome da irmá máis vella?

---



3. Que dous animais tiña na casa Víctor?

---

4. Onde estaba agochado o trasgo de nariz moi longo?

---

5. Localiza nesta sopa de letras os sete nomes que aparecen no recadro da dereita.





6. A quen avisou Víctor de que había dúas fadas no bote dos lapis?

---

7. De que cor tiñan os ollos as tres caras?

---

8. Que querían as tres caras enormes?

---


9. Como tiñan as orellas as dúas cariñas que estaban no bote dos lapis?

---

10. Colorea a Víctor, ao seu can e ao seu gato.







# CAMIÑO AO SAMAÍN

**CARLOS E SABELA LABRAÑA**

**ILUSTRADOR: FERNANDO L. JUÁREZ**

**Ed. EVEREST**

## ACTO ÚNICO

*(En primeiro plano aparecen tres cabazas nun campo de millo. Ao fondo unha tea pintada cunha paisaxe campestre de outono.)*

## ESCENA PRIMEIRA

*(Entran dous nenos e unha nena.)*

**NENO 1:** Mirade alí!, vedes o mesmo ca min?

**NENA:** Cabazas!

**NENO 2:** Ufff! Menos mal, pensei que xa non iamos atopar ningunha para a festa do Samaín.

*(Achéganse para recollelas)*

**NENO 1:** A grande quéroa eu. (Á cabaza)  
Xa verás, contigo vou facer unha caveira horripilante.

**NENA:** Esta é para min; vou facer con ela un trasgo moi traste. (Ri)  
Ímonos esmendrellar coa risa.



**NENO 2:** (*Enfurrñado*) A cabaza que queda é moi pequena.

**NENO 1:** Cóllea!, non temos tempo para buscar máis.

**NENO 2:** Vaites!, se non serve para nada.

**NENA:** Non sexas parvo, verás como con ela podes tallar unha caveira ben chula.

Só depende da túa imaxinación.


**NENO 2:** Ti es moi sabichona!

Se tanto che gusta, porque non quedas ti con ela?

**NENA:** Porque ti fuches o último.

**NENO 2:** Pois eu non a quero; é pequena, fraca e está retorta. (*Á cabaza*) Aí quedas, xa atoparei outra.

**NENO 1:** Veña, bulide, que se está a facer tarde.



*(Os nenos e a nena saen.)*

## **ESCENA SEGUNDA**

*(A cabaza que queda comeza a laiarse. Aparecen cinco mazarocas.)*

**MAZAROCA 1:** Que che pasa, criatura?

**CABAZA:** (*Pensativa*) Son eu así, pequeniña, fraca e retorta?

**MAZAROCA 2:** Non fagas caso deses rapaces.

**MAZAROCA 3:** Eles si que son retortos.

*(Cabaza cala un cacho e despois comeza de novo a choromicar.)*



**MAZAROCA 4:** E agora, que che pasa?

**CABAZA:** Eu tamén quería ir ao Samaín. Din que é unha festa moi divertida.

**MAZAROCA 1:** Iso arránxase axiña.

**CABAZA:** *(Moi interesada)* Como?

**MAZAROCA 2:** Pois deixando de laiarte e poñéndote no camiño.

**CABAZA:** *(Abraiada)* Quen, eu?, se non sei como ir.

**MAZAROCA 3:** Acouga, só tes que seguir aos rapaces.

**CABAZA:** Ai! Pero vou ir eu soa? Que medo!

**MAZAROCA 4:** Serás caguiñas!

**MAZAROCA:** Mamá, a min tamén me gustaría ver o Samaín; se me deixas, poderíamos ir as dúas xuntas.

**MAZAROCA 3:** Veña, pero ide amodiño e voltade cedo.

**CABAZA:** Beeeem!

**MAZAROCA:** *(Á cabaza)* Temos que irnos xa, que os rapaces xa nos sacan moita vantaxe.

*(Cabaza e mazaroca comezan a andar cara a esquerda mentres as outras mazarocas saen pola outra banda do escenario.)*



# QUE LEMBRAS DA LECTURA?



1. Que festa querían celebrar os dous rapaces e a rapaza?

---

2. Que ía facer un dos nenos coa súa cabaza? Pinta.

**UNHA SOPA DE  
CABAZA**

**UNHA CAVEIRA  
HORRIPILANTE**

**UN SOMBREIRO  
DE PALLA**

3. E a rapaza, que ía facer coa súa cabaza? Pinta

**UN TRASGO MOI  
TRASTE**

**UN VESTIDO DE  
COR VERDE**

**UNS ANTEOLLOS  
DE CABAZA**

4. Ademais de fraca, como era a última cabaza?

---

5. Por que se tiña que quedar o neno coa cabaza pequena, fraca e retorta ?


---

6. Cantas mazarocas aparecen na escena segunda? Arrodea.

**7                      5                      8                      2                      3                      6**  
**1                      4**



7. A mazaroca é o froito dunha planta. De cal? Colorea.




8. Que dous froitos foron xuntos á festa do Samaín?

---

9. Serás quen de debuxar nesta cabaza unha caveira horripilante como a que quería facer o neno? Colorea.





# UN OLLO DE VIDRO

**ALFONSO D. R. CASTELAO**

**Ed. CASTRELOS**

Eu nascín, medrei e fíxenme home e un bo día enfermóuseme un ollo. Fun aos médicos e lambéronme unha manchada de cartos e no remate de contas o ollo sandar sandou, pero quedoume grolo. Por aquel tempo tiña un galo tan amante que via comer na miña man. Chamáballe Tenorio.

Un día, estando eu agachado cos grans de millo na cunca das mans, veuse cara a min, paseniñamente, tripando a terra con aquel de señorón fidalgo. Plántase diante de min, ergue o pescozo para fitar de perto, cecais burlonamente, aquel meu malfadado ollo grolo e cavilando que sería cousa de manxar, axei-toume un peteirazo tan ben dirixido que me deixou torto.

Agora si, os médicos despois de lamberme outra manchada de cartos, puxéronme un ollo de vidro, tan ben imitado que bulía e todo.



A cantas mulleres engaiolei chiscándolles o ollo de vidro...!  
Morrín entre cobertores como morren a cotío os bos homes, e ben afeitado e ben peiteado e co meu traxe dos días de festa -que por certo levoumo o enterrador ao seguinte día de enterrarme- fun para debaixo dos terróns sen que ninguén se lembrase de quitarme o ollo de vidro.


Deitado na miña caixa de piñeiro repousei moitísimos días, tantos que perdín a conta. Apodrecín axiña e aos poucos días de enterrado escomenzaron os vermes a faguerme cóchegas.

Cómpre dicir que eiquí non está permitido presentarse en sociedade con farrapos de carne fedenta apegados nos ósos, pois os esqueletos, que non ven nin comen, ulen tan ben coma os vivos; así foi que namentres os vermes non manxaron a pouca freba que trouxen, non puiden erguerme.

Foi unha noite de luar cando saín da cova por primeira vez. Traballíño custoume desentoller as pernas e cando me erguín e botei a miña cachola fóra da terra, fiquei pasmado... aquel ollo de vidro que de nada me servira na vida sírveme agora para mirar.



# O ENCRUCILLADO



1. Completa o encrucillado con palabras que aparecen no texto.

					<b>C</b>			
<b>2</b>						<b>A</b>		
<b>3</b>						<b>S</b>		
				<b>4</b>	<b>T</b>			
<b>5</b>					<b>E</b>			
		<b>6</b>			<b>L</b>			
			<b>7</b>		<b>A</b>			
<b>8</b>					<b>O</b>			

- 1.- Persoas que lle lamberon unha manchada de cartos por poñerlle un ollo de vidro.
- 2.- O que lle roubou o traxe de festa.
- 3.- Animal invertebrado formado por aneis e sen patas que lle comeron a pouca febra que tiña.
- 4.- Nome do galo que lle peteirou no ollo grolo.
- 5.- Conxunto de ósos que sostiñan o seu corpo.
- 6.- O que lle daba de comer a Tenorio.
- 7.- Animal que o deixou torto.
- 8.- Material do que estaba feito o ollo postizo.

1.- MÉDICOS 2.- ENTERRADOR 3.- VERMES 4.- TENORIO 5.- ESQUELETO 6.- MILLO 7.- GALO 8.- VIDRO







# MANUALIDADES

# SAMAÍN, 2020



# A PANTASMA

Recorta a pantasma, faille un furado na cabeza , colócalle un fío, cólgao, mellor sobre un radiador, quente e verás como dá voltas e voltas e máis voltas...




# A CARAUTA DA BRUXA

Colorea, recorta, colócalle unha goma e xa tes a túa carauta de bruxa para o Samaín. A asustar aos avós!



# A CARAUTA DA CAVEIRA


Con esta carauta si que vas dar medo, moito medo. Só tes que recortala, recortar os furados dos ollos, colocarlle unha goma e ... que medo!





# QUÉN VAI POLO AIRE?









Une os puntos, do 2 ao 60, contando de dous en dous e atoparás a alguén voando sobre unha vasoira. Colorea.



# CANTAS COUSAS HAI ?

Colorea da mesma cor os debuxos iguais, cóntaos e completa o recadro inferior co número que lle corresponde.



	_____		_____		_____		_____
	_____		_____		_____		_____

# O MORCEGO

Colorea cada unha das partes do morcego. Fai os furados e móntao colocándolle encadernadores. Xa tes un morcego para xogar e meter medo!





# UN NÚMERO, UNHA COR

Colorea este debuxo seguindo as indicacións do recadro.

**1 - VERDE**

**2- NEGRO**


**3 - LARANXA**

**4- VIOLETA**

**5 - ROSA**

**6- AMARELO**

**7- AZUL**





# A SOPA DE LETRAS

Localiza nesta sopa de letras os seis nomes que aparecem no recadro.



**BRUXA**



**CAVEIRA**



**PANTASMA**



**CABAZA**



**MORCEGO**



**ARAÑA**

**B S Z N D P C F L H M  
G L H M T B Q S Z R X  
M O R C E G O N D C F  
Ñ B C A B A Z A Q L S  
F N Z V D R M R Ñ B X  
H X S E T A L N U R G  
R C D I S Ñ P X Z U F  
G N L R T A Ñ S Q X C  
Q B P A N T A S M A H  
C M Z Ñ F G X N D B L**




# ○ VAMPIRO

Colorea a carauta, pícalle os ollos, colócalle unha goma e veña, a darlle un susto aos da outra clase!




# O MONSTRO PELADO

Colorea cada unha das partes deste monstro pelado. Recórtaas e monta o teu propio monstro.



# QUE SUSTO!


Debuxa as partes que lle faltan a este monstro: nariz, cellas, ollos, cornos... e todo que queiras, pero que dea moito, moito medo.






# UNHA CAIXIÑA PARA O SAMAÍN

Colorea, recorta e monta esta caixiña, nela poderás gardar de todo... se non ten moito tamaño, claro.



# MONTAMOS UNHA CABAZA?


Colorea cada unha das pezas da cabaza, recórtaas e, seguindo o modelo da esquerda, monta a túa cabaza.



# QUE CERELLADA DE CABAZA!


Colorea a cabaza seguindo as indicacións do recadro. Sorte!

<b>MORADO</b>	<b>NEGRO</b>	<b>CASTAÑO</b>	<b>LARANXA</b>	<b>VERDE</b>	<b>AMARELO</b>
<b>luns</b>	<b>martes</b>	<b>mércores</b>	<b>xoves</b>	<b>venres</b>	<b>sábado</b>



# UN MORCEGO PUNTO A PUNTO

Une os puntos, do 1 ao 25 e colorea a figura. Que animal é?






# VAIA CARA!



Colorea o debuxo seguindo as indicacións do recadro. Quen é?

<b>GRIS</b>	<b>VERMELLO</b>	<b>NEGRO</b>	<b>LARANXA</b>	<b>VERDE</b>	<b>AMARELO</b>
xaneiro xullo	febreiro agosto	marzo setembro	abril outubro	maío novembro	xuño decembro




# TES BO OLLLO?

Serás quen de completar a cabaza? Coloréaa.




# A GRILANDA DAS ARAÑAS

Decoramos a aula para o Samaín? Recorta estas arañas, pégalles un fío negro e xa tes a grilanda para facer unha aula terrorífica.



# A GRILANDA DAS CABAZAS

Facemos outra grilanda para decorar a aula? Esta é con cabazas. Coloréaaas, pégalles un fío pola parte posterior e cólgaa na aula.





# A CASA ENMEIGADA

Colorea a casa e os debuxos dos recadros punteados. Recórtaos e colócaos onde lle corresponde, cada un na súa letra e ordenados polo seu número.

